

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN URXENTE, (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUIZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) DO SERVIZO DE PROGRAMA RIANXO MADRUGA CURSO 2024-2025 (Prorrogable ao curso 2025-2026). (Expediente 2024/C004/000003)

1. Emitido o informe xustificativo da necesidade de contratación en data de 14/08/2024 obrante no expediente onde se expoñen os antecedentes da contratación,
 2. Logo de ver o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente para a anualidade 2024, obrante no expediente, de 14/08/2024,
 3. Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía obrante no expediente,
 4. Logo de ver os informes de secretaría emitidos en datas de 16/08/2024 obrante no TEDEC como documento electrónico, así como o informe de intervención de fiscalización de data 16/08/2024 obrante no TEDEC como documento electrónico, ambos obrantes no expediente,
 5. Considerando que o prego de prescricións técnicas do servizo "PROGRAMA RIANXO MADRUGA Curso 2024-2025" redactado por María Uxía Cespón Ordóñez, animadora sociocultural do Concello de Rianxo cun orzamento base de licitación de 27.161,16 € (24.691,96 €, mais o IVE (10%) de 2.469,20 €), e un valor estimado do contrato de 54.322,31 euros, sen IVE,
- Logo de ver o disposto no artigo 116 e 117 da LCSP, e tendo en conta o establecido no artigo 156 e 119 da LCSP,

E en atención ás competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (LCSP) presente RESOLVO:

Primeiro: Declarar a urxencia do expediente de contratación por razóns de interese público, ao ter que estar en funcionamento cando comece o curso escolar 2024-2025, é dicir o vindeiro 11 de setembro de 2024.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas para este servizo e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto, tramitación urxente (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízo de de valor e criterios de apreciación automática) e o prego de cláusulas administrativas redactado por María Uxía Cespón Ordóñez, animadora sociocultural do Concello de Rianxo para o servizo de "Plan Madruga Rianxo 2024" cun orzamento base de licitación de 27.161,16 € (24.691,96 €, mais o IVE (10%) de 2.469,20 €), e un valor estimado do contrato de 54.322,31 euros (IVE excluído), con arranxo aos seguintes criterios:

- Baixa no prezo de licitación: 0-85 puntos.
- Criterios de valoración que implican un xuízo de valor: 15 puntos.

Valorarase con 15 puntos a mellor proposta técnica para o desenvolvemento do proxecto socio educativo

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 297,534 exp. 2021/G003/000411

tendo en conta:

PROYECTO	Máximo 15
Programa de actividades tipo durante un mes	Máximo 5
Adecuación las edades y características de los participantes, diversidad y originalidad	Máximo 3
Se valorará que sea realista, coherente y factible con el servicio que se debe prestar.	Máximo 2
Protocolo de necesidades educativas especiales Se valorará si el protocolo recoge diversas técnicas metodológicas, recursos metodológicos y adaptaciones a distintas necesidades.	Máximo 4
Medios materiales y recursos para su ejecución Se valorará si son suficientes y adecuados para la propuesta de actividades presentada y para el desarrollo del proyecto en general .	Máximo 3
Protocolo de recogida y resolución de quejas Se valorará si el protocolo es adecuado para el servicio a prestar, la diversidad de mecanismos e instrumentos y la eficacia de los canales de comunicación.	Máximo 3

Terceiro: Autorizar, en contía de 8.392,49 €, o gasto que representa a contratación referida para a anualidade 2024, con cargo á partida do estado de gastos do Orzamento Municipal correspondente (231-22799).

Cuarto: Comprometer a dotación de crédito por importe de 18.768,66 euros para a anualidade 2025, ao tratarse dun gasto plurianual.

Quinto: Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, así como a Providencia xustificativa da contratación e demais documentos indicados no artigo 116 da LCSP, para que durante o prazo de 8 días naturais a partir do seguinte a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes.